



Concello do Porriño

ADDENDA DE MODIFICACIÓN DA CLÁUSULA DE DOTACIÓN ECONÓMICA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE O PORRIÑO E O CLUB PATÍN PORRIÑO PARA GASTOS DERIVADOS DA SÚA ACTIVIDADE DEPORTIVA DURANTE 2024.

Expte. 6914/2023

No Porriño, na data indicada na marxe,

REUNIDOS:

Dunha parte, D. Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, co D.N.I. nº 76.907.670-V na súa condición de alcalde-presidente do Concello do Porriño, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime Local (artigo 61.1.a)) da lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e artigo 21.1.b) da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra,

Doutra, Dona. María del Carmen Artos Rojo, con D.N.I. 36170808L Presidenta do Club Patín Porriño (en adiante o Club), en virtude de nomeamento aprobado pola Asemblea Xeral ordinaria celebrada o 21/12/2022 inscrito no rexistro de entidades deportivas de Galicia co nº C-073331 e CIF G-36.404.200.

Os comparecentes , no concepto en que interveñen, recoñécense reciprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente convenio.

E manifestan o seguinte,

Primeiro: Mediante decreto da alcaldía nº 2024-0106 do 16/01/2024 aprobase o convenio de colaboración, entre outros, co club Patín Porriño para gastos derivados da súa actividade deportiva e fomento do deporte base para o ano 2024 e procédese á súa sinatura con dita entidade, cun importe de 10.000 euros. De dito importe concédese un anticipo equivalente ao 80% do total subvencionado abonándose ao beneficiario.

Segundo: Polo Pleno do Concello do Porriño, apróbase o novo orzamento para o ano 2024 e publícase a súa aprobación definitiva o 02/10/2024 incrementándose, entre outras, a subvención nominativa a favor do club para dita finalidade en 2.000 € sendo o total do importe a subvencionar de 12.000 €.

Terceiro: Dita aprobación indica que queda acreditada, a existencia de crédito orzamentario axeitado e suficiente para a tramitación da presente addenda.





Concello do Porriño

Cuarto: O club solicita a sinatura dunha addenda de modificación da cláusula de dotación económica no importe incrementado e, simultaneamente, achega a conta xustificativa por importe total de 12.654,58 €.

Asimesmo, os comparecentes mostran a súa conformidade en establecer as seguintes

CLÁUSULAS:

1.- Dotación económica: O Concello de Porriño comprométese a entregarlle ao club Patín Porriño (G36404200) a cantidade de 2.000 € destinada aos gastos especificados no convenio asinado, o que incrementa a dotación do mesmo ata acadar o importe de 12.000 €.

2.- Pago: Non se prevén entregas a conta desta addenda toda vez que se aproba simultaneamente xunto coa conta xustificativa xa presentada polo beneficiario.

3.- Vixencia: Esta addenda entrará en vigor con efectos do 1 de xaneiro de 2024, quedando sometida ás mesmas cláusulas establecidas no convenio de colaboración, a excepción do disposto na cláusula de dotación económica.

Polo Concello,

Polo club Patín Porriño ,

(asinado dixitalmente á marxe na data expresada)

